

ANEXO

Antonio Bueno Rodríguez e Pedro Puy Fraga, secretarios da Comisión Mixta de Transferencias prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia,

CERTIFICAN

Que no Pleno da Comisión Mixta, que tivo lugar o día 18 de febreiro de 2004, se adoptou un acordo sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras), nos termos que a continuación se expresan:

A) Referencia a normas constitucionais, estatutarias e legais en que se ampara a ampliación de funcións e servizos.

A Constitución, no artigo 149.1.30.^a, resérvalle ao Estado a competencia exclusiva sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Pola súa parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 31 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo co disposto no artigo 27 da Constitución e leis orgánicas que, conforme o punto 1 do seu artigo 81, o desenvolvan, e sen prexuízo das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.30.^a da Constitución, e da alta inspección do Estado para o seu cumprimento e garantía.

Polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de educación.

En consecuencia co exposto, procede formalizar o acordo sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras), nos termos que a continuación se determinan.

B) Funcións que asume a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumirá a contratación dos axudantes de coordinación das actividades do programa de escolas viaxeiras no número de prazas e período necesario para o seu desenvolvemento.

C) Valoración das cargas financeiras das funcións e servizos que se amplían.

1. A valoración provisional no ano base 1999 que corresponde ao custo efectivo anual dos medios que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia elévase a 4.154,91 euros. Esta valoración será obxecto de revisión nos termos establecidos no artigo 16.1 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

2. O financiamento en euros de 2004, que corresponde ao custo efectivo anual, é o que se recolle na relación número 1.

3. Transitoriamente, ata que se produza a revisión do Fondo de suficiencia como consecuencia da incorporación a este do custo efectivo do traspaso, este custo financiarase mediante a consolidación na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado dos créditos relativos aos distintos compoñentes do dito custo, polos importes que se determinen, susceptibles de actualización polos mecanismos xerais previstos en cada lei de orzamentos xerais do Estado.

D) Documentación e expedientes das funcións e servizos que se amplían.

A entrega da documentación e expedientes relativos ás funcións e servizos que se amplían realizarase no prazo dun mes desde a data de efectividade deste acordo, suscribíndose para tal efecto as correspondentes actas de entrega e recepción, de conformidade co establecido no artigo oitavo do Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro.

E) Data de efectividade da ampliación de funcións e servizos.

A ampliación de funcións e servizos obxecto deste acordo terá efectividade a partir do día 1 de abril de 2004.

E para que conste, expedimos a presente certificación en Madrid, o 18 de febreiro de 2004.—Os secretarios da Comisión Mixta, Antonio Bueno Rodríguez e Pedro Puy Fraga.

RELACIÓN NÚMERO 1

Valoración do custo efectivo da ampliación de funcións e servizos (euros 2004)

Aplicación orzamentaria:

18.04.423C.131: 4.173,13.
18.04.423C.160.00: 1.377,00.

Total: 5.550,13 euros.

5289 *REAL DECRETO 368/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación dos medios patrimoniais traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, en materia de estradas. («BOE» 72, do 24-3-2004.)*

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27, puntos 7 e 8, a competencia exclusiva en materia de obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra comunidade autónoma, e en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da comunidade autónoma.

Polo Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de estradas.

Finalmente, o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, establece as normas reguladoras da transferencia de servizos do Estado á Comunidade Autónoma

de Galicia e regula o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias.

Na súa virtude, e en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta da ministra de Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1.

Apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias, prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, adoptado polo Pleno da dita comisión na súa sesión do 18 de febreiro de 2004, polo que se amplían os medios patrimoniais traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas, e que se transcribe como anexo deste real decreto.

Artigo 2.

En consecuencia, quedan traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia os bens patrimoniais a que se refire o acordo que se inclúe como anexo deste real decreto, nos termos e condicións que alí se especifican.

Artigo 3.

A ampliación de medios a que se refire este real decreto terá efectividade a partir da data sinalada no acordo da Comisión Mixta, sen prexuízo de que o Ministerio de Fomento produza, ata a entrada en vigor deste real decreto, se é o caso, os actos administrativos necesarios para o mantemento dos servizos no mesmo réxime e nivel de funcionamento que tivesen no momento da adopción do acordo.

Disposición derradeira única.

Este real decreto será publicado simultaneamente no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial de Galicia», e adquirirá vixencia o día seguinte ao da súa publicación.

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Administracións Públicas,
JULIA GARCÍA-VALDECASAS SALGADO

ANEXO

Antonio Bueno Rodríguez e Pedro Puy Fraga, secretarios da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia,

CERTIFICAN

Que no Pleno da Comisión Mixta, que tivo lugar o día 18 de febreiro de 2004, se adoptou un acordo sobre ampliación de medios patrimoniais adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, en materia de estradas, nos termos que a continuación se expresan:

A) Referencia a normas constitucionais, estatutarias e legais en que se ampara a ampliación de medios.

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27, puntos 7 e 8, a competencia exclusiva en materia de obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra comunidade autónoma, e en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da comunidade autónoma.

Polo Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, foron traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de estradas.

En consecuencia co exposto, procede formalizar o acordo sobre ampliación dos medios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas, nos termos que a continuación se determinan.

B) Medios que se traspasan á Comunidade Autónoma de Galicia.

Traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia os medios patrimoniais que se indican na relación adxunta número 1.

C) Bens, dereitos e obrigas do Estado que se traspasan.

O traspaso de medios patrimoniais formalizarase de acordo co establecido na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía e demais disposicións aplicables neste caso.

A partir da efectividade deste traspaso, a comunidade autónoma subrógase nos dereitos e obrigas que, con posterioridade ao dito momento, sexan inherentes á propiedade e titularidade dos medios traspasados.

D) Documentación e expedientes dos medios que se traspasan.

A entrega da documentación e expedientes dos medios traspasados realizarase no prazo dun mes desde a data de efectividade deste acordo, suscribíndose para tal efecto a correspondente acta de entrega e recepción, de conformidade co establecido no artigo oitavo do Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro.

E) Data de efectividade da ampliación.

A ampliación de medios patrimoniais obxecto deste acordo terá efectividade a partir do día 1 de abril de 2004.

E para que conste, expedimos a presente certificación en Madrid, o 18 de febreiro de 2004.—Os secretarios da Comisión Mixta, Antonio Bueno Rodríguez e Pedro Puy Fraga.

RELACIÓN NÚMERO 1

Relación de bens inmobles que se traspanan

Comunidade Autónoma de Galicia

Unidade	Domicilio	Poboación	Situación xurídica	Superficie en m ²	Observacións
Demarcación de Estradas do Estado. Ministerio de Fomento.	Rúa Caballeros, esquina coa rúa Chile. Parcela n.º 97 do polígono de Elviña, 1.ª fase, 2.ª ampliación.	A Coruña	Propiedade do Estado, afectada ao Ministerio de Fomento.	550,61	

MINISTERIO DE FACENDA

5649 *ORDE HAC/805/2004, do 4 de marzo, pola que se regula a estrutura e o contido das contas de xestión de tributos cedidos ás comunidades autónomas.* («BOE» 77, do 30-3-2004.)

O Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, na súa reunión do 27 de xullo de 2001, aprobou unha ampliación do principio de corresponsabilidade fiscal, atribuíndolles ás ditas comunidades novas competencias normativas, ademais de abrir a posibilidade de cesión de novos tributos estatais.

A modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA), levada a cabo pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, establece un novo réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía.

A Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía relaciona, no seu artigo 17, cales son os tributos estatais cuxo rendemento se lles cede ás comunidades autónomas, establecendo que a dita cesión se realiza co alcance e condicións establecidos no propio título II da citada lei. Pola súa parte, no artigo 52 establécese que dos resultados obtidos da xestión, liquidación e recadación dos tributos cedidos (imposto sobre sucesións e doazóns, imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, tributos sobre o xogo, imposto especial sobre determinados medios de transporte e imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos) se renderá anualmente á Intervención Xeral da Administración do Estado unha "conta de xestión de tributos cedidos", adaptada ás disposicións que sobre a liquidación dos orzamentos conteñen a Lei xeral orzamentaria e, se é o caso, as modificacións que se poidan introducir nela.

A estrutura desta conta, dispón a dita lei, será determinada polo Ministerio de Facenda, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado.

A Orde do 22 de novembro de 1984 pola que se regula a conta de xestión de tributos cedidos foi modificada pola Orde do 6 de xuño de 1988, de adaptación das contas a render por tributos cedidos á modificación na agrupación de orzamentos cerrados; esta modificación realizouse como consecuencia do establecido na Orde do 18 de decembro de 1987 pola que se refunden

en contabilidade pública as agrupacións de orzamentos cerrados, exercicio anterior e orzamentos cerrados de exercicios previos ao anterior, nunha soa agrupación de exercicios cerrados.

Posteriormente, a Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 6 de maio de 1994 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública desenvolve na memoria das contas anuais a información sobre a execución do ingreso público, introducindo algunhas modificacións que non foron recollidas na normativa que regula a "conta de xestión de tributos cedidos" anteriormente citada.

Ademais, a modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, pola Lei orgánica 7/2001, do 27 de decembro, ampliou o catálogo de tributos susceptibles de cesión e así se recolleu na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Como consecuencia do exposto, parece oportuno modificar o contido actual da "conta de xestión de tributos cedidos" (recollido na Orde do 6 de xuño de 1988), adaptándoo ao Plan Xeral de Contabilidade Pública, á última modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e á Lei 21/2001, antes citada, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

Por todo o exposto, de acordo co Consello de Estado, este ministerio acordou:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación.—As contas de xestión dos tributos cedidos ás comunidades autónomas formaranse segundo o establecido na presente orde, e terán por obxecto, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, recoller, para cada un dos conceptos tributarios cedidos (relacionados no anexo I desta orde), o importe das liquidacións contraídas, a recadación obtida, o importe pendente de cobramento ao finalizar cada período e o importe dos beneficios fiscais.

Segundo. Réxime legal.—As contas de xestión de tributos cedidos ás comunidades autónomas teranse que axustar aos preceptos contidos nas seguintes disposicións:

Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.